CONSORCIO CASCOVELLO DE VIGO

CONCELLO DE VIGO

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

**Expediente:** 2346-17

**Asunto:** Liquidación orzamento 2025

**ORDE INCOACIÓN**

De acordo coa lexislación vixente e co fin de cumprir os prazos establecidos na mesma esta xerencia resolve:

Que polos servizos de Contabilidade e Orzamento, se desenvolvan os traballos técnicos de Liquidación do Orzamento do ano 2025 e unha vez elaborada a preceptiva documentación sometera a mesma ao informe preceptivo do Sr. Interventor delegado do Consorcio Casco Vello Vigo para a súa aprobación posterior pola presidencia.

Vigo, data segundo sinatura dixital

O Xerente do Consorcio

Asdo: Alfonso Ramos Covelo.

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 05/03/2026 12:04:27

Documento asinado

Ferrería 45 baixo .36202 VIGO (Pontevedra). Tfno.: 986 442 638. Fax 986 442 639 – info@consorciocascovellovigo.org C.I.F.: G-36.958.544

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23

Documento asinado

# CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO

## Liquidación Orzamento exercicio 2025

NOTAS:

1) A información que contén esta liquidación orzamentaria do CCVV foi confeccionada sobre a base da facilitada polo mesmo.

2) Esta Liquidación é consecuente coa Contabilidade do CCVV e, en consecuencia, cos Estados Contables que formarán as Contas Anuais para o exercicio 2025.

Ferrería 45 baixo .36202 VIGO (Pontevedra). Tfno.: 986 442 638. Fax 986 442 639 – info@consorciocascovellovigo.org C.I.F.: G-36.958.544

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 1 de 14 |
|---|---|---|
| 2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## Sumario

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS........3
Modelo PGCP Xunta: Desagregación por Capítulos........3
Resume con porcentaxes de execución........4
LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS........5
Modelo PGCP Xunta: Desagregación por Capítulos........5
Resume con porcentaxes de execución........6
RESULTADO ORZAMENTARIO........7
Modelo PGCP Xunta........7
REMANENTE DE TESOURERÍA........8
Modelo PGCP Xunta........8
DEREITOS E OBRIGAS ORZAMENTARIAS PENDENTES DE COBRO/PAGAMENTO DE EXERCICIO CORRENTE PECHADO........9
DEREITOS ORZAMENTARIOS CORRENTE........9
OBRIGAS ORZAMENTARIAS CORRENTE........9
DEREITOS ORZAMENTARIOS PECHADO........10
OBRIGAS ORZAMENTARIAS PECHADO........11
RESUME........11
DOTACIÓNS A SALDO DE DUBIDOSO COBRO........12
ACREDORES NON ORZAMENTARIOS........12
DEBEDORES NON ORZAMENTARIOS........12
TESOURERÍA........13
Modelo PGCP Xunta........13
Resume........13
REMANENTES DE CRÉDITO........14
MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO........14

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23

Documento asinado

Ferrería 45 baixo .36202 VIGO (Pontevedra). Tfno.: 986 442 638. Fax 986 442 639 – info@consorciocascovellovigo.org C.I.F.: G-36.958.544

# ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO
# EXERCICIO 2025

## LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

### Modelo PGCP Xunta: Desagregación por Capítulos

| CLASIF. ECON. | EXPLICACIÓN | CRÉDITOS ORZAMENTARIOS | | | GASTOS COMPROM. | OBRIGAS RECOÑEC. NETAS | REMANENTES DE CRÉDITO | PAGAMENTO | OBRIGAS PDTES. DE PAGO O 31 DE DECEMBRO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | INICIAIS | MODIFIC. | DEFINITIV. | | | | | |
| 1 | GASTOS DE PERSOAL | 238.444,00 | 0,00 | 238.444,00 | 166.837,94 | 166.710,66 | 71.733,34 | 166.710,66 | 0,00 |
| 2 | GTOS. CORRENTES EN BENS E SERV. | 220.892,00 | 0,00 | 220.892,00 | 184.806,05 | 165.965,12 | 54.926,88 | 165.965,12 | 0,00 |
| 4 | TRANSF. CORRENTES | 43.583,00 | 0,00 | 43.583,00 | 23.655,04 | 23.655,04 | 19.927,96 | 23.655,04 | 0,00 |
| 6 | INVERSIONS REAIS | 1.633.990,00 | 1.400.000,00 | 3.033.990,00 | 2.163.047,43 | 1.736.244,34 | 1.297.745,66 | 1.736.244,34 | 0,00 |
| | *TOTAL* | **2.136.909,00** | **1.400.000,00** | **3.536.909,00** | **2.538.346,46** | **2.092.575,16** | **1.444.333,84** | **2.092.575,16** | **0,00** |



ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 3 de 14
2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## Resume con porcentaxes de execución

| CLASIF. ECON. | EXPLICACIÓN | CRÉDITOS ORZAMENTARIOS | | | OBRIGAS RECOÑEC. NETAS | PAGAMENTO | OBRIGAS PDTES. DE PAGO O 31 DE DECEMBRO | %Obrigas recoñecidas sobre Créditos definitivos | %Pagos sobre Obrigas recoñecidas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | INICIAIS | MODIFIC. | DEFINITIV. | | | | | |
| 1 | GASTOS DE PERSOAL | 238.444,00 | 0,00 | 238.444,00 | 166.710,66 | 166.710,66 | 0,00 | 69,92% | 100,00% |
| 2 | GTOS. CORRENTES EN BENS E SERV. | 220.892,00 | 0,00 | 220.892,00 | 165.965,12 | 165.965,12 | 0,00 | 75,13% | 100,00% |
| 4 | TRANSF. CORRENTES | 43.583,00 | 0,00 | 43.583,00 | 23.655,04 | 23.655,04 | 0,00 | 54,28% | 100,00% |
| 6 | INVERSIONS REAIS | 1.633.990,00 | 1.400.000,00 | 3.033.990,00 | 1.736.244,34 | 1.736.244,34 | 0,00 | 57,23% | 100,00% |
| | **TOTAL** | **2.136.909,00** | **1.400.000,00** | **3.536.909,00** | **2.092.575,16** | **2.092.575,16** | **0,00** | **59,16%** | **100,00%** |

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23
Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 4 de 14
2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

# LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

## Modelo PGCP Xunta: Desagregación por Capítulos

| CLASIF. ECON. | EXPLICACIÓN | PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS | | | DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS | RECADACIÓN NETA | DEREITOS CANCELADOS | DEREITOS PDTES. DE COBRANZA O 31 DE DECEMBRO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | INICIAIS | MODIF. | DEFINITIV. | | | | |
| 3 | TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, E OUTROS | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5.241,00 | 5.241,00 | 0,00 | 0,00 |
| 4 | TRANSF. CORRENTES | 444.444,00 | 0,00 | 444.444,00 | 444.444,00 | 444.444,00 | 0,00 | 0,00 |
| 5 | INGRESOS PATRIMONIAIS | 206.170,00 | 0,00 | 206.170,00 | 158.888,85 | 158.888,85 | 0,00 | 0,00 |
| 6 | ENAXEN. INVERSIÓNS REAIS | 1.486.295,00 | 0,00 | 1.486.295,00 | 896.846,57 | 896.846,57 | 0,00 | 0,00 |
| 8 | ACTIVOS FINANCIEROS | 0,00 | 1.400.000,00 | 1.400.000,00 | | | | |
| | **TOTAL** | **2.136.909,00** | **1.400.000,00** | **3.536.909,00** | **1.505.420,42** | **1.505.420,42** | **0,00** | **0,00** |

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23
Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 5 de 14
2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## Resume con porcentaxes de execución

| C. Económica | Concepto | Inicial | Modificacións | Prev. definitivas | Der.recoñc. netos | Recadación | % Dert./Prev. | % I.N./Dert. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, E OUTROS | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5.241,00 | 5.241,00 | | 100,00% |
| 4 | TRANSF. CORRENTES | 444.444,00 | 0,00 | 444.444,00 | 444.444,00 | 444.444,00 | 100,00% | 100,00% |
| 5 | INGRESOS PATRIMONIAIS | 206.170,00 | 0,00 | 206.170,00 | 158.888,85 | 158.888,85 | 77,07% | 100,00% |
| 6 | ENAXEN. INVERSIÓNS REAIS | 1.486.295,00 | 0,00 | 1.486.295,00 | 896.846,57 | 896.846,57 | 60,34% | 100,00% |
| 8 | ACTIVOS FINANCIEROS | 0,00 | 1.400.000,00 | 1.400.000,00 | | | | |
| | **TOTAL** | **2.136.909,00** | **1.400.000,00** | **3.536.909,00** | **1.505.420,42** | **1.505.420,42** | **70,45%** | **100,00%** |

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 6 de 14
2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

# RESULTADO ORZAMENTARIO

## Modelo PGCP Xunta

| CONCEPTOS | DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS | OBLIGAS RECOÑECIDAS NETAS | IMPORTES |
|---|---|---|---|
| 1. (+) Operacións non financeiras .................. | 1.505.420,42 | 2.092.575,16 | -587.154,74 |
| 2. (+) Operacións con activos financeiros ...... | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 3. (+) Operación comerciais (*) ............... | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **I. RESULTADO ORZAMENTARIOS DO EXERCICIO (1 + 2 + 3) ..........................................** | **1.505.420,42** | **2.092.575,16** | **-587.154,74** |
| **II. VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCEIROS .........................................................** | **0,00** | **0,00** | **0,00** |
| **III. SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I + II) ..........................................................................................................................** | | | **-587.154,74** |
| 4. (+) Créditos gastados financiados con remanente de tesourería .......................................................................................................................... | | | 443.871,73 |
| 5. (-) Desviacións de financiación positivas por recursos do exercicio en gastos con financiación afectada ........................................................................................................................................................... | | | 0,00 |
| 6. (+) Desviacións de financiación negativas en gastos con financiación afectada ........................................................................................................ | | | 0,00 |
| **IV. SUPERÁVIT OU DÉFICIT DE FINANCIAMENTO DO EXERCICIO (III + 4 - 5 + 6) ...........................................................................................** | | | **-143.283,01** |

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23
Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 7 de 14
2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## REMANENTE DE TESOURERÍA

### Modelo PGCP Xunta

| CONCEPTOS | IMPORTES | |
|---|---|---|
| **1. (+) Dereitos pendentes de cobro** | | **158.928,24** |
| - (+) do Orzamento corrente. | 0,00 | |
| - (+) de Orzamentos pechados | 60.539,07 | |
| - (+) de operacións non orzamentarias | 158.948,94 | |
| - (+) de operacións comerciais | | |
| - ( - ) de dubidoso cobro | -60.559,77 | |
| - ( - ) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva | 0,00 | |
| **2. ( - ) Obrigas pendentes de pago** | | **27.188,78** |
| - (+) do Orzamento corrente | 0,00 | |
| - (+) de Orzamentos pechados | 0,00 | |
| - (+) de operacións non orzamentarias | 27.188,78 | |
| - (+) de operacións comerciais | | |
| - ( - ) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva | 0,00 | |
| **3. (+) Fondos líquidos** | | **3.597.704,88** |
| **I. Remanente de Tesourería afectado** | | **0,00** |
| **II. Remanente de Tesourería non afectado** | | **3.729.444,34** |
| **III. Remanente de Tesourería total (1 - 2 + 3) = (I + II)** | | **3.729.444,34** |

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 8 de 14
2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

# DEREITOS E OBRIGAS ORZAMENTARIAS PENDENTES DE COBRO/PAGAMENTO DE EXERCICIO CORRENTE PECHADO

## DEREITOS ORZAMENTARIOS CORRENTE

| | | PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS | | | DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS | RECADACIÓN NETA | DEREITOS CANCELADOS | DEREITOS PDTES. DE COBRANZA O 31 DE DECEMBRO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | INICIAIS | MODIF. | DEFINITIV. | | | | |
| | TOTAL | 2.136.909,00 | 1.400.000,00 | 3.536.909,00 | 1.505.420,42 | 1.505.420,42 | 0,00 | 0,00 |

## OBRIGAS ORZAMENTARIAS CORRENTE

| | | CRÉDITOS ORZAMENTARIOS | | | GASTOS COMPROM. | OBRIGAS RECOÑEC. NETAS | REMANENTES DE CRÉDITO | PAGO | OBRIGAS PDTES. DE PAGO O 31 DE DECEMBRO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | INICIAIS | MODIFIC. | DEFINITIV. | | | | | |
| | TOTAL | 2.136.909,00 | 1.400.000,00 | 3.536.909,00 | 2.538.346,46 | 2.092.575,16 | 1.444.333,84 | 2.092.575,16 | 0,00 |



ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 9 de 14 |
|---|---|---|
| 2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## DEREITOS ORZAMENTARIOS PECHADO

| CLASIFICACIÓN ECONÓMICA | EXPLICACIÓN | PENDENTES DE COBRO A 1 DE XANEIRO | | RECTIFICACIÓNS SALDO ENTRANTE | | DEREITOS ANULADOS | | | | DEREITOS PENDENTES COBRO TOTALES | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | ANULACIÓN LIQUIDACIÓNS | | APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO | | | |
| | | INGRESO DIRECTO | INGRESO POR RECIBO | INGRESO DIRECTO | INGRESO POR RECIBO | INGRESO DIRECTO | INGRESO POR RECIBO | INGRESO DIRECTO | INGRESO POR RECIBO | INGRESO DIRECTO | INGRESO POR RECIBO |
| 54100 | Arrendamentos propiedades urbanas | 61.294,03 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 61.294,03 | 0,00 |
| | **TOTAL** | **61.294,03** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **61.294,03** | **0,00** |

| CLASIFICACIÓN ECONÓMICA | EXPLICACIÓN | RECADADOS | | DEREITOS CANCELADOS | | | | | | | | PENDENTES DE COBRO A 31 DE DICIEMBRE | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | COBROS EN ESPECIE | | INSOLVENCIAS | | PRESCRICIÓN | | OUTRAS | | | |
| | | INGRESO DIRECTO | INGRESO POR RECIBO | INGRESO DIRECTO | INGRESO POR RECIBO | INGRESO DIRECTO | INGRESO POR RECIBO | INGRESO DIRECTO | INGRESO POR RECIBO | INGRESO DIRECTO | INGRESO POR RECIBO | INGRESO DIRECTO | INGRESO POR RECIBO |
| 54100 | Arrendamentos propiedades urbanas | 754,96 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 60.539,07 | 0,00 |
| | **TOTAL** | **754,96** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **60.539,07** | **0,00** |

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23

Documento asinado



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 10 de 14 |
|---|---|---|
| 2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## OBRIGAS ORZAMENTARIAS PECHADO

| CLASIFICACIÓN ECONÓMICA | EXPLICACIÓN | OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 1 DE XANEIRO | RECTIF. SALDO ENTRANTE E ANULACIÓNS | TOTAL OBRIGAS | PAGOS REALIZADOS | OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 31 DE DECEMBRO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAL** | | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** |

## RESUME

| Capítulos | Exercicio corrente | | Exercicios pechados | |
|---|---|---|---|---|
| | Dereitos recoñecidos P/Cobro | Obrigas R. Pendentes/P | Dereitos recoñecidos P/Cobro | Obrigas R. Pendentes/P |
| III | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| IV | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| V | 0,00 | 0,00 | 60.539,07 | 0,00 |
| VI | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| VIII | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAL** | **0,00** | **0,00** | **60.539,07** | **0,00** |

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23
Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 11 de 14
2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23

Documento asinado

## DOTACIÓNS A SALDO DE DUBIDOSO COBRO

No presente exercicio séguese aplicando o criterio individualizado, ascendendo o importe do deterioro, Provisión para insolvencias, a 60.559,77 euros, que se corresponde co seguinte detalle:

| | |
|---|---|
| Saldo inicial da Provisión | **60.985,44** |
| Dotacións do exercicio | 0,00 |
| Aplicacións | 425,67 |
| **TOTAL** | **60.559,77** |

## ACREDORES NON ORZAMENTARIOS

| Concepto | Saldo a 1 xaneiro | Modif. Saldo Inicial | Abonos exercicio | Total abonos | Cargos exercicio | Acredores ptes.pago a 31/12 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Acredores | 20.754,38 | 0,00 | 237.261,08 | 258.015,46 | -230.826,68 | 27.188,78 |

## DEBEDORES NON ORZAMENTARIOS

| Concepto | Saldo a 1 xaneiro | Modif. Saldo Inicial | Cargos no exercicio | Total cargos | Abonos do exercicio | Debedores ptes.cobro a 31/12 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Debedores | 178.238,98 | 0,00 | 156.041,91 | 334.280,89 | -175.331,95 | 158.948,94 |



Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 12 de 14
2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23

## TESOURERÍA

### Modelo PGCP Xunta

| CONCEPTO | IMPORTES | |
|---|---|---|
| 1. COBROS | 1.635.428,49 | |
| 2. PAGOS | 2.177.227,88 | |
| I. Fluxo neto de Tesourería do exercicio (1-2) | -541.799,39 | -541.799,39 |
| 3. Saldo inicial de Tesourería | | 4.139.504,27 |
| II. Saldo final de Tesourería (I+3) | | 3.597.704,88 |

### Resume

| Saldos das contas de Tesourería | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Conta PXCPAL | Entidade | Conta | E. Iniciais | Cobros | Pagamentos | E. Finais |
| 571201 | ABANCA | 208050003110286703 60 | 4.139.504,27 | 1.635.428,49 | 2.177.227,88 | 3.597.704,88 |



Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 13 de 14 |
|---|---|---|
| 2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## REMANENTES DE CRÉDITO

| REMANENTES COMPROMETIDOS | | REMANENTES NON COMPROMETIDOS | |
|---|---|---|---|
| INCORPORABLES | NON INCORPORABLES | INCORPORABLES | NON INCORPORABLES |
| 431.154,18 | 14.617,12 | 0,00 | 998.562,54 |
| **Total remanentes de crédito** | | **1.444.333,84** | |

## MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

| CLASIFICACIÓN ECONÓMICA | EXPLICACIÓN | CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS | SUPLEMENTOS DE CRÉDITO | AMPLIACIONS DE CRÉDITO | TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO | | INCORPORACIÓN REMANENTES DE CRÉDITO | CRÉDITOS XENERADOS POR INGRESOS | BAIXAS POR ANULACIÓN E RECTIFICACIÓN | OUTRAS MODIFICACIONS | TOTAL MODIFICACIÓNS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | POSITIVAS | NEGATIVAS | | | | | |
| 1 | GASTOS DE PERSOAL | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 2 | GTOS. CORRENTES EN BENS E SERV. | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 4 | TRANSF. CORRENTES | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 6 | INVERSIONS REAIS | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 1.400.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 1.400.000,00 |
| **TOTAL** | | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **1.400.000,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **1.400.000,00** |



ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 20/03/2026 12:50:23
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 14 de 14 |
|---|---|---|
| 2346-17 | CSV: A9BEA4-5BBCC4-4746E1-AD338T-3M8B5R-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22



**CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO**

INTERVENCIÓN

Asunto: INFORME DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO (Expediente 2346/17)

Ente: Consorcio Casco Vello de Vigo

Exercicio: 2025

**Introdución ao Informe de Liquidación 2025**

Este documento presenta o Informe de Intervención relativo á liquidación do orzamento do Consorcio Casco Vello de Vigo (CCVV) para o exercicio 2025, identificado baixo o expediente 2346/17. O CCVV configúrase legalmente como unha entidade local que exerce competencias encomendadas aos municipios, atopándose adscrita ao sector público autonómico a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

A elaboración deste informe susténtase nun amplo marco normativo que inclúe o Decreto Lexislativo 1/1999 de réxime financeiro de Galicia, a Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. O obxecto principal da liquidación é reflectir a situación da recadación de dereitos e o pagamento de obrigas recoñecidas ao peche do 31 de decembro de 2025.

Este proceso técnico é fundamental para:

Determinar o Resultado Orzamentario.

O Remanentes de Tesourería.

Avaliar o cumprimento das regras fiscais, especificamente o obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

Analizar a sostibilidade financeira e o control da débeda comercial, asegurando o cumprimento dos prazos de pago legalmente establecidos.

Monitorizar a execución do Plan de Investimentos, especialmente no que respecta á rehabilitación e posterior venda de inmobles, que constitúe a actividade nuclear do Consorcio

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

O orzamento de cada exercicio liquidarase, en canto á recadación de dereitos e o pagamento de obrigas ao 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería os ingresos e pagamentos pendentes, segundo os respectivos recoñecementos.

**Normativa**

A normativa reguladora da Liquidación dos orzamentos atópase recollida nos seguintes textos legais e regulamentarios:

- Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.
- Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira.
- ORDE de 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.
- Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (arts. 118 a 127).
- LEI 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025
- ORDE do 16 de decembro de 2024 pola que se regulan as operacións de peche do exercicio de 2024 e de apertura do exercicio de 2025.
- ORDE do 9 de decembro de 2025 pola que se regulan as operacións de peche do exercicio de 2025 e de apertura do exercicio 2026
- ORDE do 17 de xuño de 2024 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEOeSF).
- Regulamento Nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio (SEC2010), relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.
- Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira con modificación incorporada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro .
- Estatutos vixentes do Consorcio Casco Vello de Vigo.

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 2 de 21 |
|---|---|---|
| 2346-17 | CSV: A4B7A8-57B7C7-434B8E-NMJE3R-XFZBRQ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Liquidación e Resultado Orzamentario**

O artigo 12 dos Estatutos do Consorcio, regula as atribucións da Liquidación dos orzamentos á Presidencia.

No seu apartado h), establece como competencia propia a de aprobar a liquidación do orzamento e a incorporación de remanentes, que como veremos, queda inaplicable pola propia normativa da Comunidade Autónoma.

A consideración do consorcio como ente local ven determinada polo tipo de competencias que exercen. De tal xeito, consonte co establecido no artigo 8 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia (en adiante LALG), un consorcio é unha entidade local que exerce competencias encomendadas aos municipios. Dito precepto, ditado no exercicio das competencias para o desenvolvemento da lexislación básica estatal, actualmente debe poñerse en relación cos artigos 2, 26, 57, 87, 103 bis, e disposicións adicionais novena e duodécima da LBRL coa modificación operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL) .

Teñen a consideración de consorcios autonómicos aqueles nos que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais reguladas nesta lei, achega maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou comprometese, no momento da súa constitución, a financialos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutra entidade instrumental regulada nesta lei.

Consecuentemente co anterior, o CCVV é unha entidade local adscrita ao sector público autonómico a través do IGVS, ao que lle resulta de aplicación a disposición adicional oitava da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no que se establece que aqueles consorcios nos que participe a Comunidade Autónoma que, conforme ao disposto nesta Lei, non teñan a consideración de autonómicos rexeranse pola súa lexislación específica, sen prexuízo de que, no caso de que estean participados ou sexan financiados maioritariamente polo sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, o seu réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control sexa o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia, respectando a regulación que lles resulte aplicable ás demais entidades que participen no consorcio.

O réxime orzamentario da Comunidade Autónoma, en virtude da indicada disposición transitoria sexta, é de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do ano 2015.

Tras a entrada en vigor da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en adiante LOFASGA), debe terse en conta a previsión contida no seu artigo 95.

Da normativa citada, e máis concretamente, do artigo 80 do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, así como do artigo 99 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no seu desenvolvemento, establécese o réxime normativo de aplicación.

O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control dos consorcios autonómicos é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 80 do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, establece que o orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos liquidados e ao pago de obrigacións recoñecidas a 31 de decembro do ano natural correspondente, e quedarán a cargo da Tesourería da Comunidade Autónoma os dereitos pendentes de cobro e as obrigacións pendentes de pago

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Documento asinado

segundo as súas respectivas contraccións, e porá de manifesto:

Respecto do Estado de Gastos do Orzamento, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións, os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas e os pagamentos realizados.

Respecto do Estado de Ingresos do Orzamento, e para cada un dos conceptos, as previsións iniciais, as súas modificacións, as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.

Respecto das operacións do Orzamento pechado, para os ingresos, as modificacións das previsións, dereitos anulados, dereitos cancelados, recadación e pendente de cobro. En canto ás obrigas, o saldo inicial,++ as modificacións, pagamentos feitos e obrigas pendentes a 31 de decembro.

Como consecuencia da liquidación, e de acordo co previsto no artigo 80 do Decreto Lexislativo 1/1999, ORDE do 21 de xuño de 2023 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024), ANEXOS I a IV, que regula a estrutura orzamentaria, ORDE do 16 de decembro de 2024 pola que se regulan as operacións de peche do exercicio de 2024 e de apertura do exercicio 2025 , ORDE do 9 de decembro de 2025 pola que se regulan as operacións de peche do exercicio de 2025 e de apertura do exercicio 2026 ,ORDE de 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia e artigos 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, teñen que quedar determinados, polo seu carácter obrigatorio:

- Resultado Orzamentario.
- Remanente de Tesourería.
- Os Remanentes de crédito.
- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro, do orzamento corrente e pechados.
- O cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria
- O cumprimento da Regra de Gasto.
- O cumprimento da Sostibilidade financeira.
- O cumprimento dos prazos de pago, dando cumprimento a Sostibilidade da débeda comercial.

Aos efectos de medir os resultados, tamén se incorporará ao informe, distintos indicadores e magnitudes comparadas, de tal xeito que poderase facer unha comparativa dos estados de execución, pagos, liquidez e demais datos e magnitudes de interese.

- **Resultado Orzamentario do exercicio**

Estará determinado pola seguinte diferenza:

1. Os dereitos orzamentarios liquidados por operacións correntes non financeiras, nos seus valores netos, é dicir, deducidos aqueles que, por calquera motivo, foran anulados,

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Documento asinado

2. e as obrigas recoñecidas por operacións correntes non financeiras, nos seus valores netos, é dicir, deducidas aquelas que, por calquera motivo, fosen anuladas, conformando estas dúas magnitudes o resultado das operacións correntes.
3. Do mesmo xeito, calcularase o resultado das operacións de capital non financeiras. O resultado será o chamado Resultado Orzamentario do exercicio por Operacións non financeiras (RPENF).
4. Calcularase igualmente, o resultado das operacións financeiras pola diferenza entre os valores netos dos dereitos recoñecidos por activos e pasivos financeiros e as obrigas recoñecidas netas.

O resultado anterior, dará lugar ao cálculo do Resultado Orzamentario do exercicio, que deberá ser obxecto dos seguintes axustes:

1. As desviacións de financiamento, derivadas de gastos con financiamento afectado tanto positivas como negativas.
2. Os créditos gastados correspondentes a modificacións orzamentarias que sexan financiadas con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais.

As operacións de liquidación do Orzamento, reflectirá, respecto ao Orzamento de Gastos, os correspondentes "remanentes de crédito", constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas (art. 80 do Decreto Lexislativo 1/1999), e porá de manifesto os créditos orzamentarios, os comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos e as obrigas pendentes de pagamento a fin de exercicio.

- **Remanente de Tesourería**

O Remanente de Tesourería regulado polo artigo 81 do Decreto Lexislativo 1/1999 , calcularase segundo os seguintes compoñentes da contabilidade xeral:

- O remanente de Tesourería do Orzamento da Xunta de Galicia ou o de cada un dos seus organismos autónomos administrativos con referencia a un exercicio orzamentario determinado, estará formado pola suma das dispoñibilidades líquidas e os dereitos recoñecidos pendentes de cobro, menos as obrigacións recoñecidas pendentes de pago, segundo a situación que os mesmos presenten a 31 de decembro do exercicio anterior.
- Entenderase por remanente de Tesourería dispoñible aquel que non estea afectado ao financiamento específico de determinados gastos. O remanente de Tesourería dispoñible poderá afectarse na súa totalidade ou en parte ao financiamento do orzamento inicial de gastos ou ao financiamento de modificacións orzamentarias, unha vez que sexa suficientemente comprobada a súa dispoñibilidade.
- A diferenza que en cada momento exista entre o remanente dispoñible e o afectado ao financiamento do orzamento inicial ou de modificacións orzamentarias ao longo do exercicio constituirá o remanente líquido.
- No caso de resultar un remanente de Tesourería negativo ao longo do exercicio, o organismo autónomo afectado instruirá o oportuno expediente de modificación orzamentaria ante a Consellería de Economía e Facenda, no que se proporá a baixa naqueles créditos que considere adecuados para o financiamento daquel. E no orzamento que non sexa de organismos autónomos o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, dará de baixa créditos das distintas Consellerías. De non ser posible, no orzamento seguinte enxugaranse con menores gastos.

O Remanente de Tesourería total conformado polos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro menos as obrigas pendentes de pagamento, será axustado por:

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22
Documento asinado

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

- ✔ Dereitos de difícil ou imposible recadación, segundo os criterios que a este respecto fixe a ORDE de 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (estimación global do risco de fallidos ou un sistema individualizado).
- ✔ Polo exceso de financiamento afectado.

**Estados contables da liquidación do estado de gastos e ingresos**

Figuran os informes que conforman os estados contables de Liquidación do Orzamento, resumidos e coa desagregación que require a normativa autonómica, que se achegan como documentación no expediente. Reflíctense os estados orzamentarios adaptados á Normativa da Comunidade Autónoma.

Os valores que se amosan nos estados liquidatorios, teñen incorporados as porcentaxes de execución.

No estado de gastos: Créditos iniciais, modificacións, créditos definitivos, gasto comprometido, as obrigas recoñecidas, os pagamentos e as obrigas pendentes de pagamento ao peche.

No estado de ingresos: Previsións iniciais, modificacións, previsións definitivas, recoñecementos de dereitos, a recadación neta e os ingresos pendentes de cobro. Neste último caso, os ingresos xerados polas vendas de vivendas son menores que as obrigas recoñecidas en execución do Plan de investimentos, o que vai a xerar un déficit orzamentario calculado en termos do SEC.

Na análise dos estados de execución, tanto en valores do estado de gastos como no de ingresos está por debaixo da media, ascendendo a un 59,16% no estado de gastos e a un 70,45% no estado de ingresos, este último, está lastrado polo baixo cumprimento das expectativas de venta dos inmobles rehabilitados.

**Estado de Liquidación de gastos**

**Modelo PXCP autonómico, desagregación por capítulos**

| C. Económica | Concepto | Inicial | Modificacións | Cred. definitivos | Obrig. rec. netas | Pagamentos | %O s/Cred. Def | % RP s/O |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Persoal | 238.444,00 | | 238.444,00 | 166.710,66 | 166.710,66 | 69,92% | 100,00% |
| 2 | Gtos. Correntes e Bens e Serv. | 220.892,00 | | 220.892,00 | 165.965,12 | 165.965,12 | 75.13 % | 100,00% |
| 4 | Transf. Correntes | 43.583,00 | | 43.583,00 | 23.655,04 | 23.655,04 | 54.28 % | 100,00% |
| 6 | Inversións Reais | 1.633.990,00 | 1.400.000,00 | 3.033.990,00 | 1.736.244,34 | 1.736.244,34 | 57.23 % | 100,00% |
| Total | | 2.316.909,00 | 1.400.000,00 | 3.536.909,00 | 2.092.575,16 | 2.092.575,16 | 59.16 % | 100,00% |

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 6 de 21
2346-17 | CSV: A4B7A8-57B7C7-434B8E-NMJE3R-XFZBRQ-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Documento asinado

**Estado de Liquidación de Ingresos**

**Modelo PXCP autonómico, desagregación por capítulos**

| C. Económica | Concepto | Inicial | Modificacións | Prev. definitivas | Der.reconc. netos | Recadación | D. pendentes | % Drech./Prev. | % I.N./Derch. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | Tasas, precios publicos e outros ingresos | 0.00 | 0.00 | 0.00 | 5,241.00 | 5,241.00 | 0 | | 100,00% |
| 4 | Transf. correntes | 444,444.00 | 0.00 | 444,444.00 | 444,444.00 | 444,444.00 | 0.00 | 100,00% | 100,00% |
| 5 | Ingresos Patrimoniais | 206,170.00 | 0.00 | 206,170.00 | 158,888.85 | 158.888,85 | 0.00 | 77,07% | 129,76% |
| 6 | Enaxen. Inversións Reais | 1,486,295.00 | 0.00 | 1,486,295.00 | 896,846.57 | 896,846.57 | 0.00 | 60,34% | 165,72% |
| 8 | Activos Financeiros | 0.00 | 1,400,000.00 | 1400000 | .00 | 0.00 | 0.00 | | |
| Total | | 2,136,909.00 | 1.400.000,00 | 3,536,909.00 | 1,505,420.42 | 1,505,420.42 | | 70,45% | 100,00% |

**Regras Fiscais**

De acordo co artigo 15.5 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, correspóndelle ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, elaborar periodicamente un informe de avaliación da situación da economía española que se prevé para o período do marco orzamentario.

O Devandito informe conterá, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB), que limitará a variación do gasto non financeiro das Administracións Públicas.

A Estabilidade Orzamentaria, regulada nos artigos 3 e 11 da LOEOSF defínese como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, (SEC-2010).

Para calcular a capacidade de financiamento se parte do saldo orzamentario non financeiro (diferenza entre os capítulos 1 a 7 de ingresos, menos 1 a 7 de gastos) e a través dos axustes derivados da aplicación de criterios do SEC 2010, obtense o superávit ou déficit en termos de Contabilidade Nacional.

Se o saldo orzamentario non financeiro tras os axustes é igual ou maior a cero, atopámonos diante dunha situación de equilibrio orzamentario ou superávit, polo que se estaría dando cumprimento a esta regra fiscal. En caso contrario, hai un incumprimento da regra fiscal, polo que será necesario elaborar un Plan Económico-Financeiro (PEF) que permita corrixir as causas da inestabilidade orzamentaria en que se incorreu no ano en curso e o seguinte (artigo 21 LOEPSF). O incumprimento pode ser puntual ou estrutural, neste caso, requiriría un plan de axuste.

Ao contrario do que sucede coa estabilidade orzamentaria, a regra do gasto non ten o seu soporte no TRLRFL, pois se trata dunha variable de control do gasto recollida exclusivamente na LOEOSF, en termos SEC-2010 de contabilidade nacional.

A regra de gasto calcúlase comprobando que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB), tal e como dispón o artigo 12 da LOEPSF, o que implica necesariamente que o crecemento do gasto computable no exercicio 2025 non debe superar a taxa de referencia do 3,2%.

A contía prevista como déficit no Marco Orzamentario de Medio Prazo para o ano 2025, era de 0,00 euros.

A contía autorizada para incrementar o Plan de investimentos financiada con recurso que conforma o RLTGX, foi por 1.400.00,00 euros.

Si partimos da base que o Orzamento inicial está equilibrado, a autorización de novos investimentos financiados co recurso financeiro que conforma o RLTGX, supón a asunción dun déficit

A Estabilidade orzamentaria antes de axustes, con aplicación da ORDE de 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, o (déficit), é de 587,154,74 euros.

**Estabilidade orzamentaria con suxeición ao PXCP autonómico.**

| Capítulos | Concepto | DRN | Capítulos | Concepto | Obrigas RN | Axustes | Capacidade/ necesidade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RECURSOS | | | EMPREGOS | | | | |
| 3 | Tasas, precios públicos y otros ingresos | 5,241.00 | 1 | Persoal | 166,710.66 | 0.00 | |
| 4 | Transf. correntes | 444,444.00 | 2 | Gtos. Correntes e Bens e Serv. | 165,965.12 | 0.00 | |
| 5 | Ingresos Patrimoniais | 158.888,85 | 4 | Transf. Correntes | 23,655.04 | 0.00 | |
| 6 | Enaxen. Inversións Reais | 896,846.57 | 6 | Inversións Reais | 1,736,244.34 | | |
| Total | | 1,505,420.42 | | | 2,092,575.16 | 0.00 | -587,154.74 |

**Cálculo do Resultado Orzamentario e estado do mesmo**.

O resultado orzamentario é a diferencia entre dereitos recoñecidos netos e as obrigas recoñecidas netas, obténdose o resultado orzamentario do exercicio. Este resultado orzamentario debería axustarse en caso de existir desviacións de financiamento, tanto negativas como positivas, que non procede realizar por non existir neste exercicio.

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Documento asinado

**Achegas feitas polos entes consorciados son:**

Xunta de Galicia: 400.000,00 euros.

Concello de Vigo: 44.444,00 euros.

**Modelo PXCP autonómico**

| Conceptos | Dereitos Rec. Netos | Obrigas Rec. Netas | Axustes | Rtdo. Orzamentario |
|---|---|---|---|---|
| 1) (+) Operacións non Financeiras (a+b) | 1,505,420.42 | 2,092,575.16 | | -587,154.74 |
| 2) (+) Operacións con activos Financeiros | .00 | .00 | | .00 |
| 3) Operacións comerciais | .00 | .00 | | .00 |
| **I.-RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2+3)** | 1,505,420.42 | 2,092,575.16 | | **-587,154.74** |
| II.- VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCEIROS | | | | |
| | | | | 443871,73 |
| 4)Créditos gastados financiados RTGX | | | | |
| 5)Desviacións financiamento negativas do exercicio | | | | |
| 6) Desviacións financiamento positivas exercicio | | | | |
| **II.- Total Axustes** | | | | |
| **+II)IV Resultado Orzamentario Axustado (I** | | | | **-143,283.01** |

Resultado orzamentario negativo AXUSTADO en 143.283,01 euros, sen axustes, é coincidente co déficit orzamentario.

O Resultado Orzamentario negativo, ten efecto no Remanente Líquido de Tesourería, menor liquidez, tamén na Estabilidade Orzamentaria e Regra de Gasto. Todo ten causa no proceso de xestión de venda dos inmobles rehabilitados, xa que o proceso ordinario que conforman as aplicacións de gastos e ingresos correntes, teñen un resultado positivo, así se desprende do informe de Aforro Neto.

Ventas: 896.846,57 euros.

Proceso de rehabilitación e adquisicións: 1.736.244,34 euros.

Diferencia: 839.397,77 euros.

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Déficit de financiamento en termos SEC-2010: 587.154,74 euros.

Financiamento da diferencia do proceso de xestión: 252.243,03 euros, que é o saldo do Aforro Neto.

En resume, o aforro neto financiou unha parte do déficit, de non ser así, o déficit sería maior.

**Financiamento con cargo a Remanente Líquido de Tesourería:**

No exercicio 2025, fixéronse modificacións orzamentarias financiadas con RLTGX por 1.400.000,00 euros que se aplicaron ao capítulo 6 do estado de gastos.

| Aplicación | Concepto | Importe modificación | Execución |
|---|---|---|---|
| 1521.6820000 | Adquisición inmobles | 667.664,00 | 0,00 |
| 1521.6820015 | Hortas 4-6 S, Sebastián 20 | 3.525,00 | |
| 1521.6820030 | Rehabilitación Berbés 7-9 | 37.744,00 | 37.744 |
| 1521.6820038 | Rehabilitación Elduayen 39-Ferrería 16 | 122.520,00 | |
| 1521.6820042 | Ribeira do Berbés 39 | 335.330,00 | 331.416,00 |
| 1521.6820043 | Alta 8-14 | 131.802,00 | 9.695,03 |
| 1521.6820044 | Ribeira do Berbçes 25-27 | 101.415,00 | 65.016,70 |
| Total | | 1.400.000,00 | 443.871,73 |

Do déficit orzamentario por unha contía de 587,154,74 euros, 443.871,73 euros, teñen causa na utilización do RLTGX como recurso financeiro para o financiamento do plan de investimentos adicional, o resto, 143.283,01 euros, resulta da xestión do orzamento inicial.

**Cálculo do Remanente de Tesourería**.

O Remanente de Tesourería calculado segundo previsto polo artigo 81 do Decreto Lexislativo 1/1999 e de acordo ao previsto na ORDE do 9 de decembro de 2025 pola que se regulan as operacións de peche do exercicio de 2025 e de apertura do exercicio 2026, e ORDE de 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, ascende a 3.729.444,34 euros, sendo na súa totalidade Remanentes Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Documento asinado

**Modelo PXCP autonómico**

| Compoñentes | Importes ano 2025 | | Importes ano 2024 | |
|---|---|---|---|---|
| 1. (+)Dereitos Ptes. cobro | | **158,928.24** | | **178,547.57** |
| (+) Orzamento corrente | .00 | | 329.29 | |
| (+) Orzamentos Pechados | 60,539.07 | | 60,964.74 | |
| (+) Op. Non orzamentarias | 158,948.94 | | 178,238.98 | |
| (+) Op. Comerciais | .00 | | .00 | |
| (-) Saldos de dubidoso cobro | 60,559.77 | | 60,985.44 | |
| (-) cobros realiz.ptes.aplic. | .00 | | .00 | |
| 2. (-) Obrigas ptes. Pago | | **27,188.78** | | **20,754.37** |
| (+) Orzamento corrente | .00 | | .00 | |
| (+) Orzamentos Pechados | .00 | | .00 | |
| (+) Op. Non orzamentarias | 27,188.78 | | 20,754.37 | |
| (+) Op. Comerciais | .00 | | .00 | |
| (-) cobros realiz. Ptes. Aplic.def. | .00 | | .00 | |
| 3. (+) Fondos Líquidos | | **3,597,704.88** | | **4,139,504.27** |
| **I. Remanente Tesourería afectado** | | | | |
| **II. Remanente de Tesourería non afectado** | | **3.729.444,34** | | **4,297,297.47** |
| **III. Remanente Tesourería Total (1-2+3) = (I+II)** | | **3,729,444.34** | | **4,297,297.47** |

O proceso de venta real estivo por debaixo do previsto, tivo unha execución do 60,34%, o que xerou unha caída importante no RLTGX.

**Dotación saldos de dubidoso cobro**

En relación con este saldo, séguese o criterio individualizado de cada saldo, ascendendo o mesmo a 60.559,77 euros.

Dereitos e obrigas orzamentarias pendentes de cobro/pagamento de exercicio corrente pechado.

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 11 de 21
2346-17 | CSV: A4B7A8-57B7C7-434B8E-NMJE3R-XFZBRQ-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Orzamentos Pechados**

| Concepto | Saldo a 1 xaneiro | Modif. Saldo Inicial | Anulados | Recadación | Insolvencias e outras | Acredores ptes.pago a 31/12 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Capítulo 5 | 61,294.03 | | | 754.96 | | 60,539.07 |

| Capítulos | Exercicio corrente | | Exercicios pechados | |
|---|---|---|---|---|
| | Dereitos recoñecidos P/Cobro | Obrigas R. Pendentes/P | Dereitos recoñecidos P/Cobro | Obrigas R. Pendentes/P |
| V | 0,00 | 0,00 | 60,539.07 | 0,00 |
| Total | 0,00 | 0.00 | 60,539.07 | 0,00 |

**Dereitos pendentes de cobro de exercicio corrente e pechados. Dotacións de saldo de dubidoso cobro**

No presente exercicio se sigue aplicando o criterio individualizado, ascendendo o importe do deterioro, Provisión para insolvencias, a 60.559,77 euros, que se corresponde co seguinte detalle:

| Anos de antigüidade | importe |
|---|---|
| Saldo inicial da Provisión | **60.985,44** |
| Dotacións do exercicio | 0,00 |
| Aplicacións | 425,67 |
| **Total** | **60,559.77** |

**Acredores non orzamentarios.**

| Concepto | Saldo a 1 xaneiro | Modi. Saldo Inicial | Abonos exercicio | Total acredores | Cargos exercicio | Acredores ptes. pago a 31/12 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Acredores | 20.754,37 | 0,00 | 237.261,09 | 258.015,,46 | -230.826,68 | 27.188,78 |

O saldo indicado ten causa na contabilidade financeira e na verificación dos saldos coa AEAT e con outras administracións.

Os saldos correspondentes a Acredores a longo prazo por unha contía de 27.188,78 euros son depósitos con Administracións Públicas,

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Documento asinado

**Debedores non orzamentarios.**

| Concepto | Saldo a 1 xaneiro | Modi. Saldo Inicial | Cargos no exercicio | T. debedores | Abonos do exercicio | Debedores ptes. cobro a 31/12 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Debedores | 178,238.98 | 0,00 | 156,041.91 | 334,280.89 | -175,331.95 | 158,948.94 |

Os saldos son representativos de contas de Facenda Pública debedora por IVE, de debedores por IVE repercutido e por outros conceptos.

**Tesourería.**

| Saldos das contas de Tesourería | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Conta CPAL | Entidade | Conta | E. Iniciais | Cobros | Pagamentos | E. Finais |
| 571201 | ABANCA | 208050003110286703 60 | 4,139,504.27 | 1.635.428,49 | -2,177,227.88 | 3,597,704.88 |

Fluxo neto de tesourería, déficit: -541.849,39 euros.

O saldo da tesourería diminuíu un 13,08% en relación co ano anterior.

**Aforro neto.**

A fórmula de cálculo desta magnitude é a prevista no artigo 53.1 do TRL.

Aforro neto = ∑ ( Dchos. Recontos, capítulos I a V de ingresos )- ∑ ( capítulos I a V) [ (Obl.recon.netas-Obr.Rec.RTGX) + anualidade teórica de amortización III,IX] (±) axustes de dereitos non recorrentes.

" A diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos un a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigas recoñecidas polos capítulos un, dous e catro do estado de gastos, deducidas aquelas que están financiadas con Remanente Líquido de Tesourería, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación de endebedamento proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso... a anualidade teórica de amortización..., determinarase en todo caso, en términos constantes...".

Ademais, aos efectos do seu cálculo, deducirase dos ingresos correntes non financeiros, aqueles que están afectados a operacións de capital, entre outros as contribucións especiais asociadas a investimentos, os ingresos de aproveitamentos urbanísticos, os ingresos e Patrimonio Municipal do Chan afectados a investimentos. Igualmente, deberanse deducir aqueles outros que non teñan o carácter de estables ou permanentes.

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22
Documento asinado

| Dereitos liquidados netos | | Obrigas liquidadas netas | |
|---|---|---|---|
| **Capítulo** | **Importe** | **Capítulo** | **Importe** |
| III | 5.241,00 | I | -166.710,66 |
| IV | 444,444.00 | II | -165,965.12 |
| V | 158.888,85 | IV | -23,655.04 |
| Total | 608,573.85 | | -356,330.82 |
| Aforro neto sen axuste | 252.243,03 | | |
| Obrigas financiadas con Remanente Líquido de Tesourería | | | |
| **Aforro neto axustado** | **252,243.03** | | |

O cálculo da anualidade teórica de cada unha das operacións de préstamo ou endebedamento, non procede, xa que o Consorcio Casco Vello non ten concertada operación algunha de endebedamento. En consecuencia, o aforro neto legal é coincidente co aforro económico e coa nivelación interna orzamentaria, diferenciándose do aforro en términos de resultado económico patrimonial no importe das amortizacións.

**Nivelación Orzamentaria Interna**

- Ingresos ordinarios: Capítulos III, IV e V (Taxas e outros ingresos, Transferencias correntes e Ingresos Patrimoniais ).
- Gastos ordinarios: Capítulos I (Gastos de Persoal), II ( Gastos en bens correntes e servizos ) e IV ( Transferencias correntes).

A comparación de ingresos e gastos "ordinarios", que se diferencia da clasificación orzamentaria de "correntes", pola exclusión das contribucións especiais (recurso extraordinario afecto a gastos de investimento) e a inclusión das amortizacións financeiras (por ser gastos ordinarios), permite deducir se existe aforro, ou diferenza positiva entre recursos e gastos "permanentes", o que, indirectamente, reflexa se se cumpre "a afectación legal de recursos a gastos de investimento", cuxa comprobación derívase da confrontación dos ingresos e os gastos "extraordinarios" que se diferencian dos de "capital" da clasificación orzamentaria, pola inclusión e exclusión recíprocas sinaladas anteriormente, como se dixo, ao non existir ingresos de contribucións especiais nin obrigas derivadas de amortización de endebedamento, a nivelación interna coincide co aforro neto legal e co aforro económico.

**Estabilidade Orzamentaria**

En aplicación do previsto non artigo 78 do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, o desenvolvemento das distintas fases realizarase tendo en conta o principio de mantemento do equilibrio económico-financeiro e condicionado ás garantías de estabilidade orzamentaria e á sostibilidade financeira establecidas na normativa estatal e autonómica nos termos previstos na vixente

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22
Documento asinado

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEOSF).

A contía prevista como déficit no Marco Orzamentario de Medio Prazo para o ano 2025, era de 0 euros.

O financiamento adicional con cargo ao RLTGX , foi por 1.400.000,00 euros, dos que se executaron 443.871,73 euros.

Da análise dos estados contables do CCVV correspondente á Liquidación do ano 2025, dedúcese un déficit de -587.154,74 euros.

| Magnitude | Importe axustado |
|---|---|
| ∑ (Capítulos 1 a 7 ingresos,) | 1,505,420.42 |
| ∑ (Capítulos 1 a 7 gastos, ) | -2,092,575.16 |
| Capacidade de financiamento (-) | -587,154.74 |

En resumo, da liquidación do orzamento ponse de manifesto, que as necesidades de financiamento foron superiores que as capacidades, o que se traduce nunha existencia de déficit, tal coma estaba previsto, aínda que en maior contía.

**Regra de gasto liquidación orzamento ano 2025**

| Capítulos | Gasto non financeiro | | | | Variación 24-25 |
|---|---|---|---|---|---|
| | Liquidación 2024 | Axuste (-) | Liquidación 2025 | Axuste (-) | |
| 1 | 161,036.26 | | 166,710.66 | | |
| 2 | 118,617.75 | | 165,965.12 | | |
| 4 | 49,160.09 | 444,444.00 | 23,655.01 | 444,444.00 | |
| 6 | 2,021,820.84 | | 1,736,244.34 | | |
| G. Computable | 2,350,634.94 | | 2,092,575.16 | | |
| G.C.Axustado | 1,906,190.94 | | 1,648,131.15 | | -13.54% |

A evolución do gasto non financeiro foi moi inferior que a prevista, que estaba limitada a unha variación do 3,2% e resultou inferior nun 13,54% en relación ó ano 2024.

A taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (PIB), tal e como dispón o artigo 12 da LOEPSF, o que implica necesariamente que o crecemento do gasto computable no exercicio 2025 non debe superar a taxa de referencia do 3,2%.

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Documento asinado

### Remanentes de crédito

| Remanentes Comprometidas | | Remanentes non comprometidas | |
|---|---|---|---|
| Importe susceptible Incorporables | Non Incorporables | Incorporables | Non Incorporables |
| 431,154.18 | 14.617,12 | 0,00 | 998,562.54 |
| Total remanentes de crédito | 1,444,333.84 | | |

Ao obxecto de dar cumprimento ao Marco Orzamentario de medio prazo, unha vez que se liquida o Orzamento de cada ano, solicítase autorización á Dirección Xeral de Orzamentos da Xunta para o financiamento adicional do Plan de investimentos acorado, que representa a contía que figura no devandito marco orzamentario, polo que, o financiamento con cargo ao RLTGX non está asociada aos remanentes de crédito do exercicio que se liquida, senón as previsións contidas no marco orzamentario e as autorizacións da Dirección Xeral de Orzamentos, é un aumento de financiamento que termos dun ente con orzamento limitativo, estaríamos ante unha moficación orzamentaria de crédito extraordinario ou suplemento de crédito, nunca ante unha incorporación de remanentes.

Para o ano 2025 o financiamento do Marco Orzamentario con cargo ao Remanente de Tesourería era de 0,00 euros.

No entanto, de acordo adoptado coa probación do PAIF do ano 2025, os recursos solicitados foron por unha contía de 1.400.000,00 euros.

Tendo en consideración a aprobación do orzamento do ano 2026 e o seu financiamento inicial con cargo ao RLTGX, non cabe solicitar un financiamento adicional, o Orzamento ten previsto todo o plan de investimentos do ano 2026.

### Situación final dos créditos

Modelo PXCP Autonómico

| S. inicial | Modificación | S. definitivo | Recoñec. obriga | S. Retido | S. autorizado | S.comprometido | S. dispoñible | Remanentes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2,136,909.00 | 1.400.000,00 | 3,536,909.00 | 2,092,575.16 | 26,158.48 | 2,538,346.46 | 2,538,346.46 | | 1,444,333.84 |

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Documento asinado

## Modificacións Orzamentarias

| Institución | C. Extraordinario | S. Crédito | Amp. Crédito | Transferencias | | I. Remanentes | Xer. Créditos | Baix.créditos | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Positivas | Negativas | | | | |
| CCVV | 0,00 | 0,00 | 0,00 | .00 | .00 | 1.400.000,00 | 0,00 | 0,00 | 1.400.000,00 |

## Magnitudes

| Magnitude | Contía ou signo |
|---|---|
| Remanente de Tesourería para gastos xerais | 3,729,444.34 |
| Resultado orzamentario, axustado | -143,283.01 |
| Aforro Neto axustado | 252,243.03 |
| Estabilidade orzamentaria, Déficit. | -587,154.74 |
| Tesourería | 3,597,704.88 |
| Obrigas orzamentarias pendentes de pagamento ao peche | 0,00 |
| Dereitos pendentes de cobro ao peche, orzamento corrente e pechados | 60.539,07 |
| Dotación saldos de dubidoso cobro | 60,559.77 |
| Debedores non orzamentarios | 158,948.94 |
| Acredores non orzamentarios | 27.188,78 |

## PMP mensual

| xaneiro | febreiro | marzo | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setembro | outubro | novembro | decembro |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 0,16 | 1,09 | 0,05 | 1,19 | 0,54 | 1 | 1 | 3,55 | 1,07 | 3,24 | 2,22 | 1,48 |

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Documento asinado

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

**Indicadores**

Os indicadores conforman unha ferramenta de medir e comparar resultados; neste caso, tan só serán obxecto de medición, xa que a comparación correspondería facela coas contas anuais.

| Medida | Valor |
|---|---|
| Liquidez (tesourería/ acredores orzamentarios e non orzamentarios, incluídos os depósitos) | (∞) veces |
| Execución do estado de gastos (/obrigas R. netas/Créditos definitivos) | 59.16% |
| Realización de pagamentos (Pagamentos netos/ obrigas R. netas) | 100.00% |
| Execución estado de ingresos (dereitos R. netos /previsións definitivas/), incluíndo financiamento de remanentes | 42.56% |
| Realización de cobros (Recadación neta/dereitos R. netos) | 100.00% |
| Realización de pagamentos de exercicios pechados (pagamentos realizados/Saldo inicial + modificacións) | 0 |
| Realización de recadación de pechados (cobros realizados/Saldo inicial + modificacións) | 0.69% |

**Comparativa cos últimos exercicios, onde se observa a evolución dos indicadores máis salientables**

| DENOMINACIÓN | VARIABLES | 2025 | 2024 | 2023 | 2022 | 2021 | 2020 | 2019 | 2018 | 2017 | 2016 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **ORZAMENTO CORRENTE** | | | | | | | | | | | |
| Execución orzamento gastos | Obrigas recoñecidas netas/créditos definitivos | 59,16% | 75,44% | 73,44% | 38,50% | 71,85% | 51,35% | 82,38% | 80,93% | 62,44% | 54,16% | 49,87% |
| Realización pagamentos | Pagos líquidos/Obrigas recoñecidas netas | 100,00% | 100,00% | 100,00% | 100,00% | 100,00% | 92,67% | 100,00% | 89,80% | 92,74% | 86,06% | 87,35% |
| Execución orzamento ingresos | Dereitos recoñecidos netos/prev. definitivas | 42,56% | 31,62% | 96,00% | 53,99% | 39,13% | 75,00% | 93,13% | 65,68% | 42,19% | 74,60% | 60,32% |
| Realización cobros | Recadación neta/dereitos recoñecidos netos | 100,00% | 99,97% | 100,00% | 99,85% | 99,18% | 97,97% | 97,14% | 98,25% | 97,70% | 96,92% | 98,95% |
| | **ORZAMENTOS PECHADOS** | | | | | | | | | | | |
| Realización de pagos | Pagos/saldo definitivo de obrigas pendentes | 0,00% | 0,00% | 0,00% | 100.00% | 100% | 100,00% | 100,00% | 100,00% | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| Realización de cobros | Cobros/saldo de dereitos definitivos pendentes | 0,70% | 1,85% | 1,70% | 4.11% | 21.06% | 12,08% | 25,16% | 20,33% | 46,53% | 48,29% | 40,74% |

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 18 de 21 |
|---|---|---|
| 2346-17 | CSV: A4B7A8-57B7C7-434B8E-NMJE3R-XFZBRQ-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Documento asinado

O período medio de pagamento, cumpriu co regulamentado na Lei 15/2010 e co previsto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

En canto ao cumprimento do contido do Real Decreto 635/2014, tamén estase a dar a cumprimento, cálculo que resulta da información que se envía á Consellería de Facenda mensualmente.

**Plan de actuación de medio prazo . Desviación entre o déficit previsto e o real.**

| INGRESOS | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Capítulo IV | 374,606.79 | 398,472.80 | .00 | .00 | .00 | 444,444.00 | 444,444.00 | 444,444.00 | 444,444.00 |
| Capítulo V | 80,000.00 | 80,000.00 | 80,000.00 | 80,000.00 | 80,000.00 | 52,800.00 | 52,800.00 | 52,800.00 | 52,800.00 |
| Capítulo VI | 859,438.49 | 1,052,615.89 | 666,847.50 | 377,395.20 | 878,992.00 | 2,935,500.00 | 2,555,332.00 | 3,539,993.00 | 1,736,671.00 |
| Capítulo VII | 220,000.00 | 220,000.00 | 220,000.00 | 220,000.00 | 220,000.00 | | | | |
| Capítulo VIII | 657,528.94 | 1,059,204.49 | 899,795.74 | 1,238,324.34 | 1,132,662.81 | 934,512.42 | 1.002.563,00 | 238,801.00 | .00 |
| **Total Ingresos** | **2,191,574.22** | **2,810,293.18** | **1,866,643.24** | **1,915,719.54** | **2,311,654.81** | **4,367,256.42** | **4,055,139.00** | **4,276,038.00** | **2,233,915.00** |

| GASTOS | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Capítulo I | 186,033.74 | 187,751.93 | 189,629.45 | 191,525.75 | 193,441.02 | 216,232.00 | 218,394.00 | 220,578.00 | 224,769.00 |
| Capítulo II | 228,713.79 | 228,713.79 | 228,713.79 | 228,713.79 | 228,713.79 | 220,936.00 | 220,936.00 | 220,936.00 | 220,936.00 |
| Capítulo IV | 40,000.00 | 40,000.00 | 40,000.00 | 40,000.00 | 40,000.00 | 40,000.00 | 40,000.00 | 40,000.00 | 40,000.00 |
| Capítulo VI | 1,736,826.69 | 2,353,827.46 | 1,408,300.00 | 1,455,480.00 | 1,849,500.00 | 3,890,089.00 | 3,575,809.00 | 3,794,524.00 | 1,748,210.00 |
| **Total Gastos** | **2,191,574.22** | **2,810,293.18** | **1,866,643.24** | **1,915,719.54** | **2,311,654.81** | **4,367,257.00** | **4,055,139.00** | **4,276,038.00** | **2,233,915.00** |

| Déficit | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Marco Orzamentario | 657,528.94 | 1,059,204.49 | 899,795.74 | 1,238,324.34 | 1,132,662.81 | 934,512.42 | 1,002,563.00 | 238,801.00 | .00 |
| Real, déficit | 626,095.00 | 347,535.50 | 645,148.93 | | 1,140,824.26 | | | 1,365,300.04 | 587,154.74 |
| **Superávit** | | | | 438,890.39 | | 473,491.25 | 252,969.08 | | .00 |

**Desviacións acumuladas**

Déficit previsto para Plans de medio prazo: 7.163.392,74 euros.

Déficit real do marco temporal: 3.546.707,75 euros.

DESVIACIÓN, MENOR DÉFICIT co inicialmente previsto: 3.616.684,99 euros

O menor déficit é o que xustifica que exista a esta data un RLTGX de 3.729.444,34 euros e unha liquidez de 3.597.704,88 euros.

**Conclusións da Liquidación orzamentaria 2025**

A liquidación de 2025 amosa unha entidade cunha saúde de ferro en canto a liquidez, pero que sofre o impacto directo pola desviación entre os obxectivos previstos e a súa consecución, xerándose un déficit entre o gasto e a venda dos inmobles rehabilitados.

*1. Resultados Orzamentarios: Un Balance Agridoce*

Resultado Orzamentario Negativo: O exercicio pechou cun déficit de -587.154,74 euros, aínda que cos axustes do gasto financiado co RLTGX, queda axustado a 143.283,01 euros. Esta cifra débese a que o investimento en rehabilitación e adquisicións (1,73 millóns de euros) foi moi superior ao ingresado pola venda de vivendas.

Execución de Vendas: O proceso de venda de inmobles rehabilitados estivo por debaixo das expectativas, alcanzando só un 60,34% do previsto.

Aforro Neto Positivo: Malia o déficit anterior, o aforro neto ascendeu a 252.243,03 euros, o que indica que os ingresos ordinarios son suficientes para cubrir os gastos de funcionamento.

*2. Tesourería e Solvencia*

Remanente de Tesourería: O Consorcio conta cun "colchón" financeiro moi importante de 3.729.444,34 euros. Este recurso financeiro posibilita a utilización en novos investimentos.

Fondos Líquidos: A 31 de decembro, a entidade dispoñía de 3.597.704,88 euros en contas bancarias, o que garante a súa operatividade inmediata.

Deuse cumprimento ao período medio de pagos.

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Documento asinado

*3. Regras Fiscais e Sostibilidade*

Incumprimento da Estabilidade: Ao presentar un déficit superior ao autorizado no Marco Orzamentario (que era de 0 euros para 2025), a entidade incumpre a regra de estabilidade orzamentaria en termos do SEC 2010.

Regra de Gasto: A variación do gasto non financeiro tivo unha evolución correcta, foi inferior que o gasto computable do ano 2024 nun -13,54%.

Débeda Comercial: O Consorcio cumpre rigorosamente cos prazos de pago a provedores, mantendo a sostibilidade da súa débeda comercial.

*4. Conclusión e Recomendacións*

A intervención conclúe que, aínda que a liquidez é excelente, o modelo actual de financiar investimentos mediante o uso recorrente do Remanente Líquido de Tesourería (RLTGX) debe revisarse. Recoméndase que os entes consorciados realicen achegas anuais (transferencias de capital) máis acordes coas necesidades reais para evitar escenarios de déficit estrutural dende o inicio do orzamento

**Tramitación**

Sométase a proposta á Resolución da Sra. Presidenta.

Dese conta da mesma ao Consello de Administración.

Remítase unha copia da Liquidación á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia aos efectos da súa toma en consideración e inclusión no perímetro de consolidación aos efectos do SEC 2010.

En Vigo, á data da sinatura electrónica,

O Interventor Delegado: Luís García Álvarez

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - ( LUIS GARCÍA ÁLVAREZ ) 21/03/2026 11:08:22

Documento asinado

CONSORCIO CASCOVELLO DE VIGO

CONCELLO DE VIGO

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

**Expediente:** 2346-17

**Asunto:** Liquidación orzamento 2025

**P R O P O S T A**

De acordo ao informe emitido polo Sr. Interventor do Consorcio Casco Vello, formúlase a seguinte proposta:

Someter a aprobación da Liquidación do Orzamento do ano 2025 a Presidencia do Consorcio, con base no disposto no art. 12.2.h dos seus Estatutos, co seguinte detalle das magnitudes máis salientables:

| R. Tesourería | R. Orzamentario | Tesourería | Obr. Pte. pago | Der. Pte. cobro | Aforro Neto | Estab. Orzamentaria | Regra gasto |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3,729,444.34 € | -143,283.01 € | 3,597,704.88 € | 0.00 € | 0.00 € | 252.243,03 € | -587,154.74 € | -13,54% |

Da aprobación da Liquidación do Orzamento, darase conta ao Consello de Administración do Consorcio na primeira sesión que este celebre, e remitirase copia á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Vigo, data sinatura dixital

O XERENTE DO CONSORCIO CASCO VELLO

Alfonso Ramos Covelo

ASINADO POR: GERENTE - ( ALFONSO MANUEL RAMOS COVELO ) 24/03/2026 11:53:36

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 1 de 1 |
|---|---|---|
| 2346-17 | CSV: AABHA3-5CB8CE-4555BF-G8XDV3-XXZTWH-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Expediente:** 2346-17

**Asunto:** Liquidación orzamento 2025

**D E C R E T O**

Tendo en conta a proposta feita polo Sr. Xerente, o estado de Liquidación do Orzamento do Consorcio correspondente ao exercicio 2025 e o informe do Sr. Interventor**,** en uso das facultades que me confire a normativa e os Estatutos do Consorcio,

**R E S O L V O:**

Aprobar a Liquidación do Orzamento do Consorcio Casco Vello de Vigo correspondente ao exercicio 2025 co seguinte detalle:

| R. Tesourería | R. Orzamentario | Tesourería | Obr. Pte. pago | Der. Pte. cobro | Aforro Neto | Estab. Orzamentaria | Regra gasto |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3,729,444.34 € | -143,283.01 € | 3,597,704.88 € | 0.00 € | 0.00 € | 252.243,03 € | -587,154.74 € | -13,54% |

Dese conta da mesma ao Consello de Administración.

Remítase unha copia de Liquidación á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia aos efectos da súa toma en consideración e inclusión no perímetro de consolidación aos efectos do SEC.

En Vigo, data sinatura dixital

A Presidenta

Ana María Ortiz Álvarez

ASINADO POR: - ( ANA MARIA ORTIZ ALVAREZ ) 24/03/2026 11:29:46

Documento asinado

igo.org C.I.F.: G-36.958.544

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/03/2026 12:13 | Páxina 1 de 1 |
|---|---|---|
| 2346-17 | CSV: ABBEA8-58B7CH-4B5B28-CTFQBA-ZQUHHP-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv